

O tempo acubillado na mirada

A ESMERALDA BRANCA

MANUEL VILANOVA

Libros da Frouma-Follas Novas Edicións /2006/ 526 páxinas

Semella haber obras na traxectoria Literaria de certos autores que adquiren unha significación maior, unha magnitude no conxunto da súa produción que permite que agromen cualificativos do tipo *obra mestra*, *a obra de toda unha vida* ou *a obra definitiva*. Sen caermos nesas etiquetas grandilocuentes, este volume de *A esmeralda branca*, que se estende por máis de cincocentas páxinas, testemuña a entrega total e delongada do poeta a unha tarefa comprometida principalmente co propio labor da escrita, concibida como unha forma exquisita de coñecemento e unha vía fecunda para o pensamento.

Para falar de Manuel Vilanova convén rescatar os seus libros da memoria, aínda que sexa difícil facelo a través dos manuais de historia da literatura ou das seleccións antolóxicas. Autor dun Libro irredento en 1980, *E direi-vos eu do mister das cobras*, co que o autor viña a dicirnos que apostaba por meter o mundo enteiro no poema sen renunciar a unha coidada feitura rítmica que bebía dos clásicos, foi premiado, asemade, en 1985 por *A lenda das árbores de prata*. Vilanova ten participado tamén no sistema literario español, ámbito no que explorou fundamentalmente unha liña de poesía relixiosa na que se recoñece, sen prácticas homiléticas, unha poética meditativa sobre o cristianismo e sobre a mesma acción creadora do poeta. *Casa para los ojos* (1988) e *El corazón del pan* (2002) testemuñan este camiño.

Nesta ocasión conságrase a obra ao territorio do Ribeiro, o lugar da infancia asociado á felicidade orixinal e recreado de forma paradisíaca a través da mirada poética. Esa particular reconstrución nútrese da contemplación absorta da paisaxe, que procura a recuperación dunha memoria comunal. O regreso ao pasado, feliz, complementase coa constante manifestación de asombro diante do feito creador e da concreción desa actividade. Entón, o poeta detense na materialidade das cousas, fundamentalmente nos froitos da terra que son concibidos como unha bendición, aínda que estean atravesados polas mudanzas coas que ameaza o paso das estacións, o tempo.

Por medio dunha expresividade clara de aceno neodecadente, construída sobre un verso longo e irregular axustado á fluidez rítmica, articúlase a creación dunha dimensión espléndida por veces, sombría outras, referida a un marco xeográfico que acaba por estenderse a outros lugares que o autor rescata e integra no conxunto, a miúdo seguindo o percorrido do Miño. Esta práctica evocadora sostense nunha configuración simbólica na que os elementos centrais son a Luz, como símbolo da vida, e a figura da Meiga, representante do amor e dunha plenitude que actúa vigorosa no libro (*Fálame a Meiga, totalmente núa, en limiar de amigo. / A súa figura, a súa mirada, espléndida de prata, / a súa intimidade de meniño que aprende a esperar. / Esvelta a súa inocencia / transcende ao home / ao se entregar a unha viaxe para a felicidade*) (p. 418).

Como en todo relato de vontade (re)fundadora, é frecuenté a narración lírica da lenda e a naturalización da mitoloxía, filtradas neste caso polo recurso da ironía que alixeira a tentación de ler o conxunto desde unha perspectiva exclusivamente grave. Así se fala, por exemplo, da creación do río Miño: *Algunhas lendas din que naceu da alma hidronímica da Esfinxe. Esta hipótese / atormenta aos xeógrafos, sempre de pálidos peitos, rostro / pálido cunha tose áspera e cortante. O Conde afirma / que tal posibilidade vai moi reducida: A Esfinxe hidrofísica / tiña unha hernia estrangulada [...]* (p. 218).

Manuel Vilanova, logo, volve á literatura galega despois de dúas décadas de ausencia e, en certo modo, coa súa figura debilitada por mor da súa produción en español e das resistencias que atopan para a integración no sistema este tipo de autores. Neste regreso contra a corrente, *A esmeralda branca* supón unha oferta pouco habitual e de dimensións monumentais, resultado dun traballo de ourivaría que pretende pescudar na dimensión transcendente do real.

Isaac Lourido Hermida